

A NAI SOMBRA

Texto de SEÁN VIRGO

Ilustracións de JAVIER SERRANO PÉREZ

Tradución de MARTÍN VEIGA

Encadernado en cartón. 16 x 24 cm. 64 pág. 16 €

A nai sombra (galego)

ISBN 978-84-1343-100-0. Lecturas expertas. Kalandraka +

Madre sombra (castelán)



ISBN 978-84-1343-101-7. Lecturas expertas. Kalandraka +

Había unha vez un neno que naceu xunto a un río onde chegaban barcos de todos os lugares do mundo. Cando se fixo algo maior, baixaba despois da escola aos peiraos, onde se xuntaban os mariñeiros e tiraban os dados e agardaban a que mudase a marea. Facíalles os mandados e leváballes as novas da vila...

Namorado dunha misteriosa moza que coñecera onda o mar, o protagonista desta adaptación de varias lendas da cultura *selkie* -vencellada a criaturas mitolóxicas acuáticas con raigame en Irlanda, Escocia, Islandia e as illas Feroe- toma a súa sombra para evitar que esta o abandone. Pasado o tempo, o fillo de ambos descubrirá un antigo cofre que lle pertencera ao seu pai na súa época de navegante; o tesouro que contén determinará o seu futuro.

O amor e a nostalxia están presentes neste texto de palabras engaiolantes directas; unha historia soñadora, de sabor agrídoce pero de intensa beleza. Humanos, peixes e outros seres fantásticos superpóñense e fusiónanse sen límites nunhas ilustracións hipnóticas e de sobrio colorido, de rotunda expresividade e atmosfera portentosa.

O resultado de combinar a obra de Seán Virgo e de Javier Serrano é exquisito. «A nai sombra» é un libro poético, tráxico e esperanzador, que ofrece a promesa de novos comezos.



- **Temática:** adaptación de varias lendas da cultura *selkie*.
- **Idade recomendada:** lecturas expertas.
- **Aspectos destacables:** texto poético; amor non correspondido, nostalxia; criaturas fantásticas.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-nai-sombra-g.pdf>

Seán Virgo

Nacido en Malta, medrou en Sudáfrica, Malasia, Irlanda e Reino Unido. Tras viaxar polo mundo, dende 1966 reside en Canadá. É autor de obras de poesía, teatro e ficción, ademais de traballar como profesor de escritura, actor e presentador de televisión. Recibiu os premios Maurier Award for Poetry e National Magazine Award.

Javier Serrano

(Medina del Campo, Valladolid, 1946)

Licenciado en Belas Artes pola Escola Superior de San Fernando de Madrid, dende 1983 traballa como pintor, ilustrador, deseñador gráfico e editor. Ten ilustrado textos de autores clásicos como os irmáns Grimm, H. C. Andersen, Charles Perrault, Julio Verne, Lope de Vega, Cervantes ou Emilia Pardo Bazán. Os seus libros editáronse en numerosas linguas. Recibiu o Premio Nacional de Ilustración 1991, o Premio Internacional de Ilustración Fundación Santa María 1999, o Premio Iberoamericano de Ilustración e foi finalista do Premio Internacional de Ilustración Hans Christian Andersen 2004. Realizou pinturas murais en toda España, ademais de participar en exposicións e colaborar con medios de comunicación. Foi un dos promotores de Taller Universo.

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com